

**RESOLUCIÓN DO 8 DE XUÑO DE 2023, POLA QUE SE RESOLVE O
PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE XEFATURA DE
SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN E PERSOAL DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA
DO POBO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 6 DE MARZO DE 2023**

Por resolución da Valedora do Pobo do 6 de marzo de 2023 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo da Xefatura de Servizo de Administración e Persoal da Valedora do Pobo.

A convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 15 de marzo de 2023, e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 469, do 20 de marzo de 2023.

Finalizada a tramitación do procedemento, en exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, e o artigo 7.1) do Regulamento de Organización e Funcionamento da Institución da Valedora do Pobo,

RESOLVO:

Nomear a D. Santiago González Serrano como Xefe de Servizo de Administración e Persoal da Valedora do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Valedora do Pobo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2023

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo



